

# **GUÍA DE INSTALACIÓN DE CUPS-PDF**

## REVISIONS

<i>Versión</i>	<i>Data</i>	<i>Autor</i>	<i>Cambios</i>
0.5	28/02/2006	Daniel Díaz De La Iglesia	Versión inicial
0.7	29/02/2006	Daniel Díaz De La Iglesia	Correcciones pequenas.

## ÍNDICE

1. Prerequisitos
2. Instalación
3. Configuración en CUPS
4. Acceso dende outras máquinas
5. Problemas e conclusións.

# 1. PREREQUISITOS

- GNU/Linux Debian/Sarge 3.1
- CUPS instalado e funcionando

Evidentemente, cups-pdf pode funcionar en calquera outra distribución, pero este manual so se refire á instalación neste entorno, e deberá extrapolarse no caso de non ser coincidente.

# 2. INSTALACIÓN

En Debian, é tan sinxelo como facer unha búsqueda e atoparemos o seguinte:

```
obelix:/home/daniel# apt-cache search cups | grep pdf
cups-pdf - PDF printer for CUPS
obelix:/home/daniel# apt-cache show cups-pdf
Package: cups-pdf
Priority: optional
Section: graphics
Installed-Size: 104
Maintainer: Martin-Åric Racine <q-funk@iki.fi>
Architecture: i386
Version: 1.7.0a-1
Depends: libc6 (>= 2.3.2.ds1-4)
Pre-Depends: cupsys (>= 1.1.15)
Suggests: gnome-cups-manager
Filename: pool/main/c/cups-pdf/cups-pdf_1.7.0a-1_i386.deb
Size: 17162
MD5sum: 50d1b408e02a75f425104ca2586af4f8
Description: PDF printer for CUPS
 CUPS-PDF provides a PDF Writer backend to CUPS. This can be used as a
 virtual printer in a paperless network or to perform testing on CUPS.
.
Homepage: http://cip.physik.uni-wuerzburg.de/~vrbehr/cups-pdf/
Enhances: cupsys

obelix:/home/daniel#
```

Procedemos a su instalación con apt-get :

```
obelix:/home/daniel# apt-get install cups-pdf
Leyendo lista de paquetes... Hecho
Creando árbol de dependencias... Hecho
Se instalarán los siguientes paquetes NUEVOS:
  cups-pdf
0 actualizados, 1 se instalarán, 0 para eliminar y 1 no actualizados.
Necesito descargar 17,2kB de archivos.
Se utilizarán 106kB de espacio de disco adicional después de desempaquetar.
Des:1 http://ftp.fi.debian.org stable/main cups-pdf 1.7.0a-1 [17,2kB]
Descargados 17,2kB en 3s (4820B/s)
Seleccionando el paquete cups-pdf previamente no seleccionado.
(Leyendo la base de datos ...
132925 ficheros y directorios instalados actualmente.)
Desempaquetando cups-pdf (de ../cups-pdf_1.7.0a-1_i386.deb) ...
Configurando cups-pdf (1.7.0a-1) ...
Restarting Common Unix Printing System: cupsd.

obelix:/home/daniel#
```

## 3. CONFIGURACIÓN EN CUPS

### 3.1 Acceso á web de administración de CUPS

Debemos conectarnos ó servidor cups para administrar as impresoras. Para ello, conectaremos a <http://localhost:631/admin> .

No caso de que o servidor cups no que esteamos instalando esta impresora PDF non sexa a máquina local deberemos poñer no canto de localhost a su IP ou nome.

Si temos instalado CUPS noutra máquina, pero ó acceder dinos que esta prohibido a acceso (*You don't have permission to access the resource on this server.*) teremos que editar o ficheiros de configuración de cups, e engadir dentro de / e /admin o permitir a IP dende a cal nos queremos conectar ( no exemplo é a 192.168.2.17)

```
obelix:/home/daniel# jed /etc/cups/cupsd.conf
```

```
<Location />
Order Deny,Allow
Deny From All
Allow From 127.0.0.1
Allow From 192.168.2.17
</Location>
<Location /admin>
#
# You definitely will want to limit access to the administration functions.
```

```
# The default configuration requires a local connection from a user who
# is a member of the system group to do any admin tasks. You can change
# the group name using the SystemGroup directive.
#
AuthType Basic
AuthClass System

## Restrict access to local domain
Order Deny,Allow
Deny From All
Allow From 127.0.0.1
Allow From 192.168.2.17
#Encryption Required
</Location>
```

### **3.2 Crear unha nova impresora PDF**

Unha vez que estamos na web de administración:

- Ir a “Manage Printers”
- Pinchar no botón “Add Printer”
- Poremos en Name o valor “PDF”
- Poremos en Device Printer o valor “Virtual Device (PDF Printer)”.
- Model/Driver, en Make e Model poremos “RAW”

### **3.3. Proba de funcionamento**

Abrimos un documento, e imprimimolo, como xa temos como servidor de impresión o servidor cups co que estamos traballando, deberemos ver unha nova impresora chamada “PDF”.

Unha vez dada a orde de impresión, poderemos atopar o documento no home do servidor de impresión, concretamente na carpeta cups-pdf:

```
daniel@obelix:~$ ls ~/cups-pdf/
cups-pdf-howto-galego.pdf
daniel@obelix:~$
```

Vemos que nesta carpeta está o resultado da impresión.

### **3.4. Non funciona, pasos a seguir**

No caso de que non funcione, deberemos ver o resultado do ficheiro de log:

```
obelix:/home/daniel# cat /var/log/cups/cups-pdf_log
```

Ademáis, na web de administración de cups, cando estemos en “Manage Printers”, veremos o estado da impresora. Si falla, estará parada e non se

deixará activar ata que solucionemos o erro que nos pon no log anterior.

## 4. Acceso dende outras máquinas.

Os usuarios imprimiran os documentos, unha vez que teñan creada a impresora pdf correspondente, e logo deberán recoller o documento accedendo ó seu home no servidor de impresión.

### 4.1 - Configuración en Windows

Temos que facer o punto 3.1, pero so relativo a "/" e non a "/admin" para permitir engadir a impresora dende outra máquina.

- Imos a "Inicio-> Configuración -> Impresoras"
- Doble click en "Agregar Impresora"
- Eleximos "Impresora de red"
- Seleccionamos "Conectar con una impresora en Internet o en la intranet de su organización" e en dirección URL: "<http://192.168.2.3:631/printers/PDF>", (192.168.2.3 é o servidor de impresión) tralo cal porá "El servidor en el que reside la impresora ..... no tiene instalado el controlador de impresora correcto.", daremoslle a aceptar (non hai outra opción).
- Agora temos que elexir unha impresora, unha das que recomenda na páxina web é unha Minolta – Minolta Color PageWorks /Pro PS.
- Unha vez finalizado, imprimiremos unha páxina de proba.

### 4.2 - Carpeta /nonexistent ou imprimindo cun usuario descoñecido.

Se imprimimos cun usuario que non existe no servidor de impresión, de repente a impresora pararáse. Se vemos os logs de cups-pdf:

```
obelix:/# cat /var/log/cups/cups-pdf_log
Tue Feb 28 21:09:38 2006 [ERROR] failed to create anonymous output directory
(/nonexistent/cups-pdf)
obelix:/#
```

Vemos que di que non existe a carpeta /nonexistent/cups-pdf. Isto refírese a que todos os usuarios que non existen no sistema, garda os pdf's neste saco común.

A impresora deixa de funcionar, así ou temos moi controlados os usuarios que

imprimen dende a rede, ou creamos a carpeta /nonexistent.

Crearemos a carpeta e dasmolle permisos para que escriba o usuario nobody e o grupo nogroup (é co que crea os pdf's):

```
obelix:/# mkdir /nonexistent
chown nobody:nogroup /nonexistent
```

## 5. Problemas e conclusións

A impresión que me da este paquete, é que esta aínda un pouco verde, o cal non lle quita mérito, pois cubre unha necesidade que en moitas empresas supón un desembolso en mercar aplicacións propietarias.

### 5.1 DoS, parando a impresora.

Un exemplo para facer fallar a impresora PDF, é creando un ficheiro no home do usuario que se chame cups-pdf. Como o resultado das nosas impresións van a /home/usuario/cups-pdf, a impresora non será capaz de crear o directorio (existe un arquivo co mesmo nome).

Se nos conectamos á web de administración, vemos a impresora parada, poñendo en estado : “stopped, accepting jobs”

Se vemos os logs:

```
obelix:/home/daniel# cat /var/log/cups/cups-pdf_log
Tue Feb 28 20:20:46 2006 [ERROR] failed to create user output directory
(/home/daniel/cups-pdf)
obelix:/home/daniel#
```

Se borramos ese ficheiro, e dende a web de administración iniciamos a impresora, esta vez funcionará e imprimirá tódolos traballos que ten en cola.

### 5.2 Imprimindo dende a rede

Cando imprimimos dende a rede, se o usuario non existe, as súas impresións van a un saco común (/nonexistent), desta maneira, todos os usuarios que non existan na máquina deberan ter compartida unha carpeta onde todos verán os documentos pdf's de todos. Quizais o recomendable será ter todos os usuarios creados, non permitir acceder a máquinas con usuarios descoñecidos e non compartir a carpeta /nonexistent.

### **5.3 Imprimindo o mesmo documento**

Cando imprimo o mesmo documento, esté sobrescribe ó pdf creado anteriormente. No caso de imprimir dende outras máquinas, e que eses usuarios non existan no servidor de impresión, ocorrerá que uns usuarios sobrescribirán os documentos doutros.